

COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN "DA PENA"

Aido-Cornes-Pontenova

CIF.-V-15543879

ROIS, (A Coruña)

CONVOCATORIA DE ASEMBLEA	CARÁCTER:	ORDINARIO
	DÍA:	12 DE XUÑO DO 2026 (VENRES)
	HORA:	20,00 H. (OITO DA TARDE).

De acordo co establecido na lexislación vixente e nos estatutos da Comunidade, convócase Asemblea Xeral da Comunidade Veciñal, a celebrar no lugar de costume, en Cornes, ás **VINTE HORAS (OITO DA TARDE-20,00 H), DO DÍA DOCE DE XUÑO DO 2026 (VENRES)**, na que se tratarán os asuntos relacionados na orde do día.

Os comeneiros que non poidan asistir poderán delegar noutro membro da Comunidade, que o representará e votará no seu nome. Ningún comeneiro poderá recibir máis dunha delegación.

De non asistir a metade dos comeneiros, por si mesmos ou mediante representación, a asemblea quedará automaticamente convocada para dúas horas despois, sendo suficiente a asistencia do 25% dos comeneiros, persoalmente ou mediante representación.

A documentación relativa aos puntos a tratar está a disposición dos comeneiros no domicilio do Secretario da Comunidade, no lugar de Cornes, número 7.


ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta correspondente á Asemblea do día 10/10/2025.
2. Aprobación das Contas da Comunidade pechadas a 31 de decembro de 2025.
3. Aprobación da listaxe actualizada de Comeneiros.
4. Actuacións realizadas para a reparación e acondicionamento de pistas.
5. Segundo reparto de leñas. (Resto).
6. Rogos e preguntas.

Rois, na data da sinatura dixital.

A PRESIDENTA,

Asdo.-Margarita Mouta Tubío



IMPORTANTE: Lémbrese a todos os comeneiros que a falta de asistencia a tres asembleas consecutivas sen xustificación ou delegación poderá dar lugar a súa baixa como comeneiro, ao entenderse que renuncia voluntariamente á mesma. (Artigo 11 dos estatutos da Comunidade).